



Modificacións no RSS de adversos

A petición do departamento de Predición Operativa de MeteoGalicia, a vindeira semana vanse levar a cabo os seguintes cambios no apartado de adversos meteorolóxicos da nosa web:

- O fenómeno "Mar de fondo" pasará a chamarse "Ondas".
- O fenómeno "Mar de vento" pasará a chamarse "Vento no mar".
- Os umbrais do fenómeno "Mar de fondo" pasan a ser:
 - * Vermello: >8 metros.
 - * Laranxa: >5 metros.
 - * Amarelo: >4 metros.

Os dous primeiros cambios afectan ao rss, xa que ese nome aparece como atributo do tag "adversos:TipoAlerta". Se está a utilizar este RSS, teña en conta este cambio e que, ademáis, ese tag inclúe agora un atributo "idtipoalerta", que é un identificador numérico do tipo de fenómeno e ao que non lle vai afectar o cambio.

Todos os identificadores numéricos dos tipos posibles de fenómenos están recollidos na documentación correspondente a este RSS:

http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/RSS_Adversos_gl.pdf